

## TAXA INFORMES PRELIMINARES DE SITUACIÓN E INFORMES DE SITUACIÓN EN MATERIA DE SOLOS CONTAMINADOS

A Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que modifica o anexo 3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, creou a seguinte taxa:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN TAXA	IMPORTE
32.81.00	Informes preliminares de situación e informes de situación en materia de solos contaminados	52,00

Esta taxa, que grava a tramitación dos informes preliminares de situación e os informes de situación do solo, é aplicable desde o día da entrada en vigor da *Lei 8/2017, de 26 de decembro, de orzamentos xenerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018*, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Para pagamento das taxas administrativas utilizarase o modelo de autoliquidación A1 (tres exemplares autocopiativos). Os códigos necesarios para cumprimentar o impreso de pago da mencionada taxa son:

CONSELLERÍA DE	Medio Ambiente e Ordenación do Territorio	Código	15
DELEGACIÓN DE	Servizos Centrais	Código	13
SERVIZO	Fomento e Control da Calidade Ambiental	Código	07

O modelo de autoliquidación de taxas pode solicitalo en calquera unidade administrativa da Xunta de Galicia, ou ben descargalo da páxina web <http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confecion-on-line-impresos>

Pode facer o pago da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras da Xunta de Galicia, ou ben a través dos servizos telemáticos da oficina virtual do Atriga na seguinte ligazón: <https://ovt.atriga.gal> >> Empresas e Profesionais >> Pago de Taxas e Prezos >> Iniciar pago de taxas.

Para a tramitación dos citados informe será necesario a presentación do xustificante do pagamento que deberá presentarse acompañando aos xustificantes de presentación do Informe Preliminar de Situación do solo (IPS) ou Informe de Situación do solo (IS) para o caso de realizarse a través da plataforma informática, ou ben xunto co cuestionario, en caso de presentación en papel.

Non se considerará cumprida a obriga de información en relación cos solos potencialmente contaminantes, se calquera dos informes de situación do solo que se presente, non veñen acompañados co xustificante do citado pagamento.